



Concello de Lobios

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DE 10 TRABALLADORES/AS PARA O SERVIZO DENOMINADO “BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS” DO CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE) AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE LOBIOS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE 3 MESES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.-O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal a tempo completo de 10 traballadores/as para o servizo denominado “Brigadas de prevención e defensa de incendios forestais” do concello de Lobios (Ourense) ao abeiro do convenio de colaboración suscrito entre a consellería do Medio Rural e o concello de Lobios para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante 3 meses, por importe de 54.369,24 €.

2.- A contratación laboral temporal a tempo completo de 10 traballadores/as para o servizo denominado “Brigadas de prevención e defensa de incendios forestais” do concello de Lobios (Ourense) durante 3 meses, en xornada completa, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias, sendo as categorías profesionais a contratar as de xefe de brigada, peón conductor e peón de brigada, e cunha retribución conforme á Resolución de Alcaldía de data 21/05/2018

3.- As funcións que se asignan ao posto de traballo son as seguintes:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.
- Traballos de prevención, consistentes en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos. Os restos procedentes destes traballos serán recollidos, apilados e eliminados mediante trituración ou sistemas similares. No Anexo I das presentes bases descríbense os lugares e as hectáreas que como mínimo, deben rozar as brigadas de prevención e defensa do concello de Lobios. A relación de lugares e as hectáreas a rozar pode variar, atendendo os requirimentos do distrito XV.
- Mantemento das ferramentas e equipamento en perfecto estado de uso

SEGUNDA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso-oposición de méritos.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:



Concello de Lobios

1. Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

2. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, debendo superar unha proba física de esforzo e un recoñecemento médico, para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4. Titulación esixida:

4.1.- Para o posto de xefe de brigada, requírese estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro de montes.
- Enxeñeiro técnico forestal.
- Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
- Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.

4.2.- Para o posto de peón condutor:

- Certificado de escolaridade.
- Estar en posesión do carné de conducir B.

4.3.- Para os postos de peóns:

- Certificado de escolaridade.

5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6. Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente. Anexo III.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado, consistindo este na prestación das tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 31.1g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local correspóndelle á Sra. Alcaldesa a competencia para a aprobación das bases



Concello de Lobios

das probas para a selección de persoal, ou ó órgano correspondente no caso de existencia de delegación de competencias.

Deste xeito, a relación laboral rexerá pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais, e en especial o Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lobios para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa .

QUINTA.- RETRIBUCIÓNS.

- Xefe de brigada. Soldo: 1.106,51 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional da paga extra.
- Peón condutor. Soldo: 1.047,94 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional da paga extra.
- Peóns forestais. Soldo: 992,39 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional da paga extra.

SEXTA.- PARTICIPACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O anuncio da convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na na súa sede electrónica web: <http://lobios.sedelectronica.gal>.

A data da súa publicación no BOP será a que sirva para computar o prazo para a presentación de solicitudes. Todo iso, se prexuízo de que a convocatoria tamén se publique na paxina web do concello www.lobios.org. e na súa sede electrónica web: <http://lobios.sedelectronica.gal>.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lobios e na súa sede electrónica web: <http://lobios.sedelectronica.gal>.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no Anexo II da presente convocatoria, dirixido á Alcaldía, achegándose no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 16, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na na sede electrónica municipal, <http://lobios.sedelectronica.gal>.

No caso en que se opte por achegar a solicitude ou calquera outra documentación que se poida achegar nas distintas fases do procedemento, ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

Nestes supostos os/as interesados/as deberán comunicalo mediante fax, 988 44 80 14, dentro do mesmo prazo que o de presentación de instancias.

No modelo que figura como Anexo II a estas bases, o aspirante fará constar que reúne os requisitos que se relacionan no artigo 3 e achegará á solicitude a documentación que consta nesta base:

- Copia cotexada da titulación esixida
- Copia cotexada do título de galego
- Copia cotexada do D.N.I.



Concello de Lobios

- Copia cotexada do carné de conducir, de ser necesario.
- Certificado médico oficial ou informe de saúde, asinado e selado por un colexiado en exercicio que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba.
- Declaración responsable conforme ao Anexo III.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos..)

SÉPTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso-oposición.

A fase de concurso realizarase en último lugar.

Na fase de concurso valorarse a experiencia profesional e a formación dos traballadores.

7.1 Fase de oposición

Realizarase:

Unha proba práctica sobre o terreo, na que se avaliará a pericia no manexo das ferramentas de roza e maquinaria, cunha valoración de 14 puntos. Ambas probas serán realizadas por persoal cualificado, baixo a supervisión do tribunal de selección.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias . Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias

7.2 Fase de concurso:

A) Examen: Realizarase unha entrevista de carácter profesional onde se valorará o coñecemento do territorio, que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

B) Experiencia profesional: puntuación máxima: 4 puntos.

1) Por servicios prestados nas Administracións Públicas e en organismos públicos en postos de características similares ás do posto ofertado á que aspira: 0,10 puntos por mes traballado completo ou fracción.

2) Por servicios prestados en empresa privada en postos de características similares ás do posto ofertado á que aspira: 0,05 puntos por mes traballado completo ou fracción. A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada de informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.



Concello de Lobios

C) Formación: valorarase a formación nas materias propias do posto. Máximo: 2 puntos.

1. Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso.
2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso.
3. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas do curso, entenderase que ten unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación.

Únicamente se atenderá os cursos acreditados segundo o exposto, non valorandose xornadas, conferencias, seminarios,...

D).- Coñecemento da lingua galega: En caso de non posuír o CELGA 2 ou certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística o aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega mediante proba oral que se lle realizará. Esta proba consistirá en manter un conversa no idioma galego na que o aspirante amose o coñecemento da lingua galega.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida no punto 1. De persistir o empate terase en conta o que obtivese maior puntuación no apartado 2. Se aínda así persistira o empate procederase a realización dun sorteo.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

OITAVA.- LISTAXE DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS.

Rematado o prazo dos 10 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes a resolución da alcaldía acordará a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Os **aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles**, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, **para poder subsanar ou emendar**, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

NOVENA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1.- Para a aplicación, selección e interpretación das presentes bases de contratación e creación de bolsa de Emprego, constitúense o seguinte Tribunal, nomeado por Resolución de Alcaldía.

- Presidente: Funcionario de carreira ou persoal laboral da administración local, autonómica ou estatal.
- Secretario: Funcionario de carreira ou persoal laboral da administración local, autonómica ou estatal, que actuará con voz pero sen voto.
- Vogais: Funcionarios de carreira ou persoal laboral da administración local, autonómica ou estatal.

O tribunal cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.



Concello de Lobios

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados no Título Preliminar, Capítulo II, Sección 3ª da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Unha vez comezado o proceso selectivo, os sucesivos anuncios para realizar as restantes probas deberán facerse públicos no taboleiro de edictos do Concello, na súa sede electrónica web: <http://lobios.sedelectronica.gal>. do concello e nos locais onde se realizase a proba anterior, con 24 horas, polo menos, de antelación do comezo das probas.

DÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinado pola suma das puntuación totais obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e esesoramentos técnicos que teña por convenientes.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello. O traballador seleccionado estará obrigado a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes admitidas no procedemento selectivo (excluídas as persoas seleccionadas) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licenzas regulamentarias, necesidas do servizo, etc., ou as baixas ou renuncias das persoas seleccionadas.

A orde de chamamento das persoas aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

Os chamamentos faranse vía telefónica, do seguinte xeito:

-Chamada telefónica entre as 09: e as 14:00 horas.

- Chamada telefónica entre as 09: e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada requerirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación o número de teléfono.

A aceptación da oferta efectuarase por vía telefónica, antes das 12:00 horas do primeiro día hábil seguinte ó do chamamento. Transcurrido o devandito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada e pasarase á seguinte persoa aspirante.



Concello de Lobios

No expediente administrativo deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflectirá a data, hora/s das chamadas telefónicas e a resposta que se recibiu.

Para a correcta localización das persoas candidatas, os integrantes da bolsa estarán obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra, quedarán ilocalizados, o que dará lugar á exclusión da bolsa.

Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciases a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo. Enténdese que a renuncia está xustificada nos seguintes supostos:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo de achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente ou baixa, debendo achegar documentación acreditativa desa situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio do xefe de persoal.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida ao alcaldesa.

Son causas de exclusión dun integrante da bolsa de traballo:

- Renuncia expresa a formar parte da bolsa.
- Non presentación dentro do prazo fixado da aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.
- Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

Contratación dos integrantes da bolsa de traballo:

Poderá empregarse a lista para realizar contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo vacantes ou non vacantes no devandito servizo.

Unha vez que compareza o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, a alcaldesa procederá á súa contratación para o posto de traballo correspondente.

UNDÉCIMA.- CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcaldesa da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, <http://lobios.sedelectronica.es>, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

DUODÉCIMA.- RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.



Concello de Lobios

Lobios, a data de sinatura electrónica

A Alcaldesa-Presidenta. Asdo.- María del Carmen Yáñez Salgado

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE (Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Rexíme Xurídico do Sector Público)

ANEXO I

BRIGADA LOBIOS 1					
RELACIÓN PISTAS BRIGADAS -2018					
Parroquia	Traballo Realizado (lugar, pobo..)	Lonxitude	Ancho	Superficie	Superficie
		(m)	(m)	(m ²)	(m ²)
San Miguel de Lobios	Cruz Vermella-San Roque-Barreal	2270	5	11.350,00	29.005,50
	Pista de Villamartín	407	5	2.035,50	
	Fondevila-Depuradora	342,07	5	1.710,35	
	Fondevila-Eira	349,44	5	1.747,20	
	OU540-Adegas	78,95	5	394,75	
	Casa aduana-Rial	469,89	5	2.349,45	
	Fábrica-Cruz Vermella	257,99	5	1.289,95	
	Casa Hermelinda	166,69	5	833,45	
	A Fábrica-Lobios	529,35	5	2.646,75	
	Lobios-Ogos	306,83	5	1.534,15	
	Abelar-Ribas de Arauxo	252,74	5	1.263,70	
	Ribas Arauxo-Portaxe	370,05	5	1.850,25	
	A Cela	Camiño de A Cernada	258,25	5	
Camiño de San Rosendo		432,67	5	2.163,35	
Camiño de Santa María		731,73	5	3.658,65	
Sta. M ^a Torno	Depósito da auga en A Lama	307,5	5	1.537,50	33.319,60
	Levada Xendive	3.520,00	5	17.600,00	
	Camiño de O covó	999,29	5	4.996,45	
	Costa de A Barxa	752,93	5	3.764,65	
	Camiño de A Chaira ata captacións de auga	304,55	5	1.522,75	
	Extremo de Ganceiros	406,43	5	2.032,15	
	Camiño do alto de A Chaira	373,22	5	1.866,10	
Total (metros)				69.438,35	
Total (hectáreas)				6,94	69.438,35



Concello de Lobios

BRIGADA LOBIOS 2					
RELACIÓN PISTAS BRIGADAS -2018					
Parroquia	Traballo Realizado (lugar, pobo..)	Lonxitude	Ancho	Superficie	Superficie
		(m)	(m)	(m ²)	(m ²)
San Mamede de Grou	Camiño de A Pesqueira	629,31	5	3.146,55	4.013,45
	Camiño O Cruceiro-Pedrosa	173,38	5	866,90	
San Martiño	Requeixo-Por riba da fonte			1.372,59	16.961,69
	Camiño Delás arrouteira-Camiño Cabaleiro	553,87	5	2.769,35	
	Camiño Delás - Gontás	313,55	5	1.567,75	
	Camiño Delás - Correlo- Cabaleiro	428,69	5	2.143,45	
	Camiño de O Lamagueiro (Delás-Lamagueiro)	509,55	5	2.547,75	
	Camiño depósito de Saa	91,49	5	457,45	
	Camiño de As Castelás	827,07	5	4.135,35	
	Camiño de O Folón	393,60	5	1.968,00	
San Paio	Camiño do entroido (Prencibe-A Vila)	500,5	5	2.502,50	30.359,30
	Camiño da Viña do Cego (Enlaza Esperanzo con Prencibe)	1180,00	5	5.900,00	
	Camiño entre Esperanzo e Prencibe	263,84	5	1.319,20	
	Camiño da Barxa (Enlaza Esperanzo con San Paio)	360,74	5	1.803,70	
	Camiño da Costa (Enlaza Esperanzo con Briñidelo)	568,97	5	2.844,85	
	Camiño de Freixende (Enlaza Prencibe con Puxedo)	813,11	5	4.065,55	
	Camiño de Freixende ata Veliñas	416,36	5	2.081,80	
	Camiño de Paliña (enlaza Puxedo con Guende)	632,28	5	3.161,40	
	Bouzas-San Paio	452,59	5	2.262,95	
	Bouzas-Briñidelo	164,83	5	824,15	
	Bouzas-Briñidelo (ramal Bouzas-San Paio)	75,50	5	377,50	
	San Paio-Bouzas (camiño do apretadiño)	187,14	5	935,70	
	San Paio-Bouzas (camiño dos prados)	456,00	5	2.280,00	
	Manín	Pista camiño campo de abaixo ao prado	566,64	5	
Pista Quenlla de O Covo-Ramirán		274,31	5	1.371,55	
Pista Quenlla de O Rial		411,37	5	2.056,85	
Camiño da Filboda		203,05	5	1.015,25	
Depósito da auga ao nacente en A Madalena		510,57	5	2.552,85	
Total (metros)				61.164,14	61.164,14
Total (hectáreas)				6,12	6,12



Concello de Lobios

ANEXO II.-SOLICITUDE PARA TOMAR NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE LOBIOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 10 TRABALLADORES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS

Modelo de instancia:

“D./D^a....., con DNI núm., e núm. da Seguridade Social, con domicilio a efectos de notificacións en, teléfono, e dirección de e-mail, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Lobios para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza de (xefe de brigada, peón condutor ou peón forestal): _____, tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir.
- Certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

Asimismo, autorizo ao Concello de LOBIOS para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, <http://lobios.sedeelectronica.es>, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

En....., a de.....de 2018.

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOBIOS



Concello de Lobios

ANEXO III.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE TERCEIRA PUNTO 5 E 6 E BASE SEXTA DAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 10 TRABALLADORES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE)

Modelo de instancia:

“D./D^a....., con DNI núm.
....., e con domicilio a estes efectos en
.....,”

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

convocada polo Concello de Lobios e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- No caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

En....., a de.....de 2018

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOBIOS